

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 06 de xullo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte minutos do día seis de xullo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(674).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(675).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE ACCESIBILIDADE AO BAÑO, PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DOUS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 142108/301.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"11.- Propostas de adxudicación

- a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo (expediente 142.108-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo (expediente 142.108-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data do 22 de xuño de 2017 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación, por Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo

Segundo.- En data 6 de xullo de 2017, a XGL adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo na seguinte orde descendente:

LICITADOR		TOTAL
1	EMSEBUR, S.L.	

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares"*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., o día 6 de xullo de 2017, que presenta a documentación requirida o 6 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMSEBUR, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMSEBUR, S.L.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMSEBUR, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo por un prezo total de 42.948,95 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(676).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DE PARTICIPACIÓN COMO ENTIDADE PATROCINADORA NO ALUMEADO ORNAMENTAL DO NADAL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4588/106.

Visto o informe xurídico do 29/06/17 e o informe de fiscalización do 30/06/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, do xefe de área de Servizos Xerais, conformado polo concelleiro-delegado de Comercio:

"Lexislación aplicable:

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

TRLCSP. Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

LXP. Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade.

Antecedentes: A Concellería delegada de Comercio ten redactadas unhas "Bases" que posibilitan que determinadas empresas interesadas participen na iluminación ornamental do Nadal a implantar na cidade (patrocinio).

O procedemento tramitouse como "Normas", tal e como consta no informe do xefe da Área de Servizos Xerais, de data 29 de xuño de 2017 e no informe do interventor xeral, de data 30 de xuño de 2017.

Modifícase a nomenclatura, en base ao tipo de actuación definida no contido do expediente, polo que o que procede é a aprobación das "**Bases para participar como entidade patrocinadora na iluminación ornamental do Nadal da cidade de Vigo 2017-2018**".

O presente informe avalía a adecuación das "Bases" e da contratación prevista á lexislación aplicable.

Informe.

I. A iluminación do Nadal é unha actividade municipal que se integra dentro da xenérica de "satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal", art. 25.1 LBRL, e mais concretamente no artigo 25.2.I.), na idea de "ocupación do tempo libre".

As "Bases" elaboradas non dan lugar a un contrato administrativo especial pois o seu obxecto non resulta vinculado ao xiro ou tráfico específico da Administración, nin satisfai, de forma directa ou inmediata, unha finalidade da específica competencia municipal, art. 19.1.b) TRLCSP.

As "Bases" teñen encaixe nun *contrato de patrocinio* de evidente natureza privada.

Na preparación e adxudicación dos contratos privados rexe o TRLCSP; nos seus efectos e extinción observanse as normas de dereito privado, art. 20.2 TRLCSP.

O contrato de patrocinio atópase recollido na LXP, o seu artigo 22 o define como, "aquele contrato no que o patrocinado (Concello), a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade ..., cultural, ... ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador". Nas bases redactadas a "axuda económica" a favor do Concello se concreta nunha "obriga de facer" (instalación de elementos decorativos con temática de Nadal en espazos públicos da cidade) que ten un contido económico.

Seguindo o informe 13/2012, de 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Cont. Adva. da C.A. de Aragón, o *contrato de patrocinio* ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecta, "retorno publicitario", no que o patrocinado (Administración) permite que o patrocinador faga pública a súa colaboración na actividade patrocinada. O patrocinador, a cambio, goza da notoriedade da actividade que desenvolve a Administración (iluminación ornamental do Nadal) co fin de incrementar o coñecemento de seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe; a base quinta refírese as condicións de exhibición da marca que o Concello permite mostrar nos elementos de temática de Nadal a instalar nos espazos públicos da cidade, o que permitirá os patrocinadores "retornos publicitarios".

II. Que o contrato deba rexerse polo o dereito privado non exclúe que a formación da vontade da administración municipal cumpra as esixencias do dereito administrativo na preparación do expediente e na adxudicación do contrato.

Polo que se refire á preparación, a necesidade do contrato de patrocinio atópase xustificada no contido das prestacións a realizar, base primeira; a adxudicación debe recaer no empresario –ou empresarios- seleccionados segundo os procedementos de adxudicación legalmente establecidos; no presente caso a adxudicación -dada a ausencia de custe económico para a administración municipal que non debe satisfacer aos patrocinadores prezo algún- pode acordarse directamente, art. 138.3 TRLCSP (contrato menor), non obstante as bases contemplan concorrencia (base oitava) e criterios obxectivos de adxudicación (base novena).

III. As "Bases" observan os principios contractuais de liberdade de acceso, publicidade, transparencia, concorrencia, non discriminación e igualdade de trato entre os posibles patrocinadores, art.1 TRLCSP.

Os criterios de "autorización" ou "selección" para a ocupación de espazos públicos na cidade e para a instalación dos elementos de decoración do Nadal atópanse obxectivos (base novena).

Non se aprecia que o contrato supoña gasto para a Administración municipal, sen prexuízo do custe da enerxía eléctrica que se satisfará á empresa subministradora, allea o contrato.

As "Bases" recollen con suficiente precisión os dereitos e obrigas que asumen as partes, entre estas cabe resaltar, base cuarta, a obriga que corresponde aos patrocinadores respecto da seguridade, funcionamento e mantemento das instalacións ornamentais previstas; a base oitava advirte que os empresarios que concorran o proceso de selección deberán xustificar que teñen subscrito seguro de responsabilidade civil fronte os posibles danos que a instalación poda ocasionar (enténdese que o importe da póliza ten que ser axeitado ao xuízo do órgano adxudicador, no caso contrario, non procederá a selección); deberán tamén xustificar que se atopan ao corrente nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

IV. En virtude do exposto procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases para participar como entidade patrocinadora na iluminación do Nadal da Cidade de Vigo.

SEGUNDO. Facultar o concelleiro delegado de Comercio a adxudicación, conforme as bases aprobadas, dos distintos contratos de patrocinio que resulten consecuencia do proceso de licitación/selección."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADE PATROCINADORA NA ILUMINACIÓN
ORNAMENTAL DO NADAL DA CIDADE DE VIGO 2017-2018

PRIMEIRA: FINALIDADE E XUSTIFICACIÓN

O **goberno municipal do Concello de Vigo** é consciente de que a iluminación do Nadal converteuse nunha das iniciativas máis recoñecidas, aceptadas e **eloxiadas polos comerciantes, a cidadanía e os turistas**. A iluminación do Nadal non só é unha tradición que ornamenta a cidade senón que ademais contribúe a xerar emprego, incentivar a actividade comercial, o sector hostaleiro, a restauración, o turismo, o uso do transporte público e a dinamización económica local.

Ao obxecto de facer chegar a iluminación e a ornamentación ao maior número de espazos posibles e tras recibir numerosas peticións de entidades privadas, o goberno municipal decidiu **formalizar contratos de patrocinio** con estas, materializando o compromiso do sector privado a contribuír e colaborar na tradicional decoración do Nadal da cidade. Deste xeito, o Concello de Vigo ofrece a posibilidade de patrocinar diferentes elementos decorativos ou artísticos de gran porte con temática navideña (árbores, figuras, rótulos...).

Desde o Departamento de Comercio, en virtude da resolución da Alcaldía de data 19 xuño de 2015 pola que se lle atribúe ao concelleiro delegado da Área a competencia de "*dirección das actuacións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo e actividades... así como a xestións das axudas destinadas para estes fins*", elabóranse as presentes bases que rexerán a participación privada na iluminación ornamental do Nadal durante o período do Nadal 2017-2018.

SEGUNDO: RÉXIME XURÍDICO

A participación no proxecto de iluminación ornamental formalizarase mediante a firma dun **contrato de patrocinio**.

TERCEIRO: ELEMENTOS PATROCINABLES

Apartado 1. Elementos de gran porte

En virtude ao sinalado, serán patrocinables os **elementos de gran porte decorativos ou artísticos con temática navideña** (árbores, figuras, rótulos...)

Os interesados poderán solicitar o patrocinio de un ou varios elementos nos seguintes emplacementsos:

1. Praza de América
2. Peonil Calvario (fronte ao mercado)

3. Casco Vello. Zona da Pedra
4. Zona Náutico (Montero Ríos, Praza de Compostela...)
5. Gran Vía Norte (entre Praza de España e rúa Urzáiz)
6. Gran Vía Sur (entre Praza de España e Praza de América)
7. Praza da estación de Urzáiz.
8. Praza de Jenaro de la Fuente esquina rúa Aragón
9. Praza Fernando El Católico
10. Praza Mercado do Progreso
11. Rúa Sanjurjo Badía (Praza do Barrio das Flores)

Así mesmo, **poderán solicitarse emprazamentos diferentes aos indicados, que estarán suxeitos á aprobación do Concello.**

O patrocinio dos elementos luminosos inclúe a súa fabricación ou aluguer, transporte, montaxe e desmontaxe, valos estéticos de peche (excepto que sexan visitables), ornamentación e adecuación do elemento á contorna, plan de seguridade laboral, seguro de responsabilidade civil, acometida eléctrica e mantemento de tales elementos e instalacións, así como os custes xerados polos permisos necesarios para a súa posta en marcha e a retirada de residuos a fin de manter o espazo utilizado en correcto estado de limpeza.

Para realizar a instalación e posterior retirada, o adxudicatario solicitará todos os permisos e autorizacións necesarias. Empregará a maquinaria e persoal suficiente para minimizar as molestias aos cidadáns e garantirá a seguridade viaria durante todo o proceso.

Os traballos realizaranse preferiblemente en horario nocturno, salvo outra autorización expresa do Concello, debendo acoutar completamente a zona de actuación con valado. Colocaranse sinais e medios de protección suficientes para evitar accidentes, sendo o adxudicatario o único responsable por este motivo. Co obxecto de asegurar o cumprimento da normativa de seguridade laboral o patrocinador deberá presentar para a súa aprobación por parte do Concello de Vigo o proxecto de seguridade e saúde laboral correspondente.

Durante o período da desmontaxe, eliminaranse todos os elementos, sendo obrigatoria e pola súa conta, a correcta xestión dos residuos xerados en todo o proceso.

Quedan excluídos os gastos do consumo de enerxía eléctrica dos elementos instalados, que correrán por conta do Concello de Vigo, unha vez dadas de alta e legalizadas as respectivas instalacións. **A potencia máxima a instalar será de 15 kw, o que vai supoñer un consumo enerxético durante o período de funcionamento de 6.210 kwh, que suporá un gasto de 1.000 euros.**

Apartado 2. Elementos de pequena envergadura

Así mesmo, o patrocinador poderá propor a instalación de adornos de pequena envergadura **en harmonía coa decoración existente** na contorna das súas instalacións, sempre que sexan autorizados polos servizos técnicos do Concello e tras o estudo da súa viabilidade técnica e estética.

Todos os adornos que contemplan as súas propostas deberán ser custeados pola entidade patrocinadora e colocados no lugar autorizado polo Concello.

No caso de que se producisen roubos, deterioros ou vandalismos, estes serán asumidos na súa totalidade pola entidade patrocinadora, debendo proceder esta a súa reposición de xeito inmediato, contando cun equipo de mantemento para as 24 horas do día durante todo o período autorizado do patrocinio. Facilitarase polo menos unha persoa e un número de teléfono de contacto.

CUARTA: CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

O deseño dos elementos ornamentais axustarase ás condicións e características fixadas nestas bases e será proposto pola entidade patrocinadora ou, no seu defecto, polo Concello.

Os elementos de gran porte terán unhas dimensións proporcionais ás zonas de colocación solicitadas.

As empresas patrocinadoras serán as exclusivas responsables da correcta instalación, seguridade, mantemento e funcionamento dos elementos ornamentais instalados. O Concello dirixirase a estas mediante ordes de execución de cumprimento inmediato no suposto de que advirta alteracións, desarranxos ou defectos; no suposto de que non se atenderan en prazo acordarase a clausura ou desmontaxe da instalación.

QUINTA: CONDICIÓN DE EXHIBICIÓN DA MARCA E RETORNOS

A representación ou imaxe da marca **autorizarase exclusivamente na estrutura dos elementos luminosos** e deberá estar integrada no deseño deste, sen que se admita colocación explícita de marcas ou mención de produtos ou *slogans* publicitarios.

As marcas que participen como patrocinadoras da iluminación do Nadal terán presenza de marca mediante unha **placa de patrocinio co seu logo nos laterais da zona delimitada**. O seu deseño será definido polo Concello de Vigo.

A marca ou logotipo da entidade patrocinadora poderá figurar xunto co logo do Concello en idénticas condicións nos lugares reservados para tal efecto, estando o seu importe incluído no prezo fixado no contrato.

O mantemento por deterioro ou actos de vandalismo no tempo de exposición da representación ou imaxe de marca privada correrá a cargo da entidade patrocinadora.

SEXTA: EMPRAZAMENTOS

A situación dos elementos de gran porte **será elixida polo Concello**. O patrocinador poderá elixir entre os emplacementsos definidos polo Concello de Vigo (sinalados no punto terceiro) ou propor outros diferentes, que deberán ser validados polos técnicos municipais.

Os patrocinadores deberán indicar, por orde de preferencia, os emplacementsos nos que desexe instalar os elementos. Se unha proposta foi informada favorablemente pero non resulta elixida para o emplacementso solicitado, o patrocinador poderá propor outra localización, que deberá ser autorizada polo Concello.

SÉTIMA: CONDICIÓN DE ACENDIDO

Os elementos luminosos patrocinados estarán instalados e listos para o seu acendido o día da data oficial da iluminación do Nadal. Os atrasos que se poidan producir na instalación dos elementos luminosos derivados de accións ou omisións do patrocinador, non serán responsabilidade do Concello.

Os períodos de execución distribúense do seguinte xeito:

1. Período de montaxe: realizarase a partir do 5 de novembro, debendo o patrocinador proceder á planificación e programación das distintas fases da montaxe do elemento.

2. Período de probas: entre os días 18 e 22 de novembro do 2017.

3. Período de acendido: entre os días 23 de novembro de 2017 ata o 7 de xaneiro do 2018 (ambos incluídos).

4. Período de desmontaxe: desde o día 8 ata o día 31 de xaneiro do 2018.

Os patrocinadores presentarán un cronograma detallado das actuacións ao Concello de Vigo.

HORARIOS:

1. De domingo a mércores:

•Acendido: Ás 18:00 h.

•Apagado: Ás 01:00 h.

2. De xoves a sábado:

•Acendido: Ás 18:00 h.

•Apagado: Ás 04:00 h.

As noites 23, 24, 25, 30, 31 de decembro e as noites do 1,5 e 6 de xaneiro permanecerá acendido toda a noite.

OITAVA: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR, FORMA, LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

As persoas (físicas ou xurídicas) interesadas deberán formular solicitude a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ben en nome propio ou a través do seu representante, á que se lle acompañará a documentación esixida para cada un dos supostos.

O prazo para a presentación das propostas será o comprendido **entre o 1 de xullo e o 15 de outubro de 2017**. As propostas valoraranse polos técnicos competentes da Concellería de Comercio, que actuarán como Mesa de Contratación específica, e iranse adjudicando na medida que vaian tendo entrada no Rexistro xeral, unha vez comprobado que cumpren con todos os requisitos esixidos. O Departamento de Comercio notificará ao interesado a súa aprobación ou rexeitamento dentro dos **15 días** seguintes á presentación da solicitude.

Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

Proxecto descritivo e valorado para os elementos luminosos: as empresas interesadas poderán presentar ata un máximo de tres (3) deseños de acordo coas características e condicións indicadas nestas bases. O proxecto incluírá fotomontaxe ou documentación gráfica onde se visualice adecuadamente a proposta.

Listado de emplacementsos, por orde de preferencia, nos que desexe instalar cada un dos elementos propostos. Se fose do seu interese, pode incluír outros novos emplacementsos que serán valorados para a súa aprobación polo Departamento de Comercio.

Declaración responsable de que a empresa patrocinadora interesada atópase ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, facendo así mesmo constar que non se atopa incurso nos supostos de prohibición de contratación.

Documento acreditativo do nomeamento dun representante da entidade patrocinadora co que se realizarán todas as actuacións ata a firma dos contratos.

Se a documentación achegada estivera incompleta ou adoecese de calquera outro defecto que se considere emendable requirirase ao solicitante para que, no prazo de **tres días hábiles**, emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos. Así mesmo, en calquera outro momento do procedemento poderase instar ao solicitante para que cumprimente ou aclare calquera outro punto do proxecto.

Unha vez aceptada a proposta e con anterioridade a sinatura do contrato de patrocinio, a empresa patrocinadora, no prazo dos tres días seguintes o de publicación do acordo de concesión sinalado na base décima achegará a seguinte documentación:

1. **Seguro de responsabilidade civil** que cubra os danos que se puideran ocasionar.
2. Documentos acreditativos de atoparse o corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

NOVENA: CRITERIO DE VALORACIÓN

Os proxectos presentados poderán alcanzar un máximo de **15 puntos** conforme aos seguintes criterios:

1. Deseño, creatividade e calidade estética (ata un máximo de **10 puntos**)
2. Deseño axeitado ao emprazamento elixido e ao proxecto de iluminación ornamental do Nadal da cidade de Vigo do presente ano (**ata un máximo de 5 puntos**).

Seleccionarase para cada emprazamento aquela proposta que obteña unha maior puntuación, podendo ser rexeitadas aquelas propostas que non obteñan unha valoración **mínima de 3 puntos** nos dous primeiros criterios.

Rexeitaranse todas aquelas propostas cuxas características non se adecúen ás presentes bases, ou non se consideren tecnicamente viables por parte do Concello.

Se algún ámbito quedase deserto o Concello poderá modificar as condicións de patrocinio que serán publicadas de novo.

DÉCIMA: PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As propostas valoraranse na medida que vaian tendo entrada no Rexistro Xeral. Os técnicos competentes da Concellería delegada de Comercio, que actuarán como Mesa de Contratación específica, **reuniranse todas a semanas** para valorar as propostas que tiveran entrado na semana inmediatamente anterior. A resolución definitiva da Mesa de Contratación notificarase ao interesado dentro dos **15 días seguintes** á referida resolución. Se na mesma semana a valorar se presentasen varias ofertas para o mesmo emprazamento, estas serán obxecto de avaliación atendendo aos criterios establecidos na cláusula 9.

O concelleiro delegado resolverá conforme a proposta técnica realizada. A resolución de concesión do patrocinio comunicarse mediante anuncio na páxina web.

O contrato de patrocinio subscribirase en documento administrativo dentro dos tres días seguintes previos á presentación da documentación sinalada na cláusula oitava. Recollida toda a documentación, asinarase o correspondente contrato de patrocinio.

UNDÉCIMA: ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DA CONVOCATORIA

A participación nesta convocatoria supón a aceptación da totalidade das súas condicións por parte dos solicitantes.

4(677).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SEVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO DE POP NACIONAL LA OREJA DE VAN GOGH NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 7003/335.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación, asinado pola xefa do servizo de Festas e pola concelleira-delegada da dita área:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación do grupo nacional "La Oreja de Van Gogh" no auditorio de castrelos. programa Vigo en Festas 2017 (7.003-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística do grupo nacional de pop LA OREJA DE VAN GOGH no Auditorio de Castrelos o día 14 de xullo (expte: 7003/335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 12 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 21 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 42.350,00 euros co IVE incluído (que inclúe contratación artística "cachet" mais o iva) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L, CIF B-95.518.239, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.500 entradas a un prezo único de 3,00 euros (venda anticipada e taquilla).

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP."

Segundo.- En data 23 de xuño de 2017 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil TRÓPICO DE CAPRICORNIO

EDICIONES S.L., titular dos dereitos de exclusiva do grupo “La Oreja de Van Gogh”, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 28 de xuño de 2017 .TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 4 de xullo de 2017, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dna. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L., no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA”, dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 4 de xullo de 2017, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o “rider” técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do grupo “La Oreja de Van Gogh”, e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L., o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 42.350 € co iva incluído.

Sexto.- En data 5 de xullo de 2017, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 5 de xullo de 2017, Dna. Virginia Garate, en nome e representación de TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 5 de xullo de 2017, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 4 de xullo de 2017, de valoración da oferta técnica e económica de TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES, S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “La Oreja de Van Gogh” no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017 (expediente 7.003-335) no seguinte orde decrecente:

1. TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES, S.L.

2º.- Adxudicar a TRÓPICO DE CAPRICORNIO EDICIONES S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “La Oreja de Van Gogh” no Auditorio de Castrelos (expediente 7.003-335) sendo o prezo

base de 35.000,00 euros, cunha a cota correspondente o IVE de 7.350,00 euros, polo que o prezo total do contrato ascende a 42.350,00 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO DE ROCK INTERNACIONAL “THE PRETENDERS” NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 6998/335.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación, asinado pola xefa do servizo de Festas e pola concelleira-delegada da dita área:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación do grupo internacional “The Pretenders” no auditorio de castrelos. programa Vigo en Festas 2017 (6.998-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do grupo de rock internacional “THE PRETENDERS” a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 20 de xullo de 2017 (expediente: 6998-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 12 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 107.932,00 € (que inclúe contratación artística, equipos luces e son, backline, “catering” máis ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo

proposto, coa empresa "DALE A LA DANZA, S.L." CIF: B-85169589 que ostenta a exclusividade artística, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA."

Segundo.- En data 27 de xuño de 2017 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil DALE A LA DANZA, S.L., titular dos dereitos de exclusiva do grupo "The Pretenders", concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 29 de xuño de 2017 DALE A LA DANZA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 5 de xullo de 2017, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dna. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión "Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a DALE A LA DANZA, S.L., no presente procedemento."

A continuación se procedeu a apertura do "SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA", dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP".

Quinto.- En data 5 de xullo de 2017, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que "Revisada a documentación, informase que o "rider" técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do grupo "The Pretenders", equipos luces e son, backline e "catering" e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por DALE A LA DANZA, S.L., o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 107.932,00 € co iva incluído.

Sexto.- En data 5 de xullo de 2017, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 5 de xullo de 2017, Dna. Carlota Ojea, en nome e representación de DALE A LA DANZA, S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 5 de xullo de 2017, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 5 de xullo de 2017, de valoración da oferta técnica e económica de DALE A LA DANZA, S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “The

Pretenders” no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017 (expediente 6.998-335) no seguinte orde decrecente:

1. DALE A LA DANZA, S.L.

2º.- Adxudicar a DALE A LA DANZA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “The Pretenders” no Auditorio de Castrelos (expediente 6.998-335) sendo o prezo base de 89.200,00 euros, cunha a cota correspondente o IVE de 18.732,00 euros, polo que o prezo total do contrato ascende a 107.932,00 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(678).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MIGUEL BOSÉ NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 6981/335.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación, asinado pola xefa do servizo de Festas e pola concelleira-delegada da dita área:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación do artista nacional “Miguel Bose” no auditorio de castrelos. programa Vigo en Festas 2017 (6.981-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do artista nacional MIGUEL BOSE a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 25 de xullo de 2017 (expte: 6.981-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 5 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de por un importe de 94.305 € (que inclúe cachet máis equipos de luces, son, catering e ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. CIF B-27778141, tal e como se recolle no escrito de exclusividade que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 5 euros en venda anticipada e 7 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

Segundo.- En data 27 de xuño de 2017 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., titular dos dereitos de exclusiva do artista “Miguel Bose”, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 3 de xullo de 2017 CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 5 de xullo de 2017, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dña. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA”, dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 5 de xullo de 2017, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o “rider” técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do artista “Miguel Bose” máis equipos de luces, son, catering e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 94.305 € que inclúe cachet máis equipos de luces, son, catering e ive.

Sexto.- En data 5 de xullo de 2017, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 5 de xullo de 2017, Dna. Begoña Gómez, en nome e representación de CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 5 de xullo de 2017, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13^a do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 5 de xullo de 2017, de valoración da oferta técnica e económica de CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do artista “Miguel Bose” no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017 (expediente 6.981-335) no seguinte orde decrecente:

1. CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L.

2º.- Adxudicar a CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do artista “Miguel Bose” no Auditorio de Castrelos (expediente 6.981-335) sendo o prezo base de 77.938,02 euros, cunha a cota correspondente o IVE de 16.366,98 euros, polo que o prezo total do contrato ascende a 94.305.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(679).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN DO ARTISTA INTERNACIONAL CARLOS VIVES NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE. 6985/335.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación, asinado pola xefa do servizo de Festas e pola concelleira-delegada da dita área:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación do artista internacional “Carlos Vives” no auditorio de castrelos. programa Vigo en Festas 2017 (6.985-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do artista internacional CARLOS VIVES a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 27 de xullo de 2017 (expte: 6985-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 12 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 109.989,00 € que inclúe a actuación artística, equipo de luces e son, pantallas de vídeo e realización, transportes internos e catering e ive con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. ,B-36998524, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”

Segundo.- En data 27 de xuño de 2017 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., titular dos dereitos de exclusiva do artista “Carlos Vives”, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 28 de xuño de 2017 SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 5 de xullo de 2017, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dna. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA”, dándoselle traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 5 de xullo de 2017, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o “rider” técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do artista “Carlos Vives”, equipo de luces e son, pantallas de vídeo e realización, transportes internos, catering e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 109.989,00 € co iva incluído.

Sexto.- En data 5 de xullo de 2017, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 5 de xullo de 2017, Dña. Carlota Ojea, en nome e representación de SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 5 de xullo de 2017, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser

motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 5 de xullo de 2017, de valoración da oferta técnica e económica de SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do artista “Carlos Vives” no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017 (expediente 6.985-335) no seguinte orde decrecente:

1. SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L.

2º.- Adxudicar a SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do artista “Carlos Vives” no Auditorio de Castrelos (expediente 6.985-335) sendo o prezo base de 90.900,00 euros, cunha a cota correspondente o IVE de 19.089,00 euros, polo que o prezo total do contrato ascende a 109.989,00 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(680).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN DO GRUPO INTERNACIONAL “CRYSTAL FIGHTERS” NO AUDITORIO DE CASTRELOS. PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2017. EXPTE.6986/335.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación, asinado pola xefa do servizo de Festas e pola concelleira-delegada da dita área:

"LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación do grupo internacional "Crystal Fighters" no auditorio de castrelos. programa Vigo en Festas 2017 (6.986-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para a actuación do grupo internacional "CRYSTAL FIGHTERS" a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos o día 3 de agosto de 2017 (expte: 6986-335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 5 de xuño de 2017, e o Prego de prescricións administrativas particulares, de data 15 de xuño de 2017.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 114.466,00 € (que inclúe inclúe a actuación artística; equipo de luces e son; transportes internos, catering e ive) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES, S.L. ,B-36998524, tal e como se recolle no documento de exclusividade que se achega ao expediente.

Cuarto.- Autorizar a venda de 4.700 entradas ao prezo de 6 euros en venda anticipada e 8 € en taquilla, sendo o beneficiario da total recadación; tamén realizará 250 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

Quinto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP."

Segundo.- En data 27 de xuño de 2017 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., titular dos dereitos de exclusiva do grupo "Crystal Fighters", concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 28 de xuño de 2017 SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 5 de xullo de 2017, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dña. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta

na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA”, dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 5 de xullo de 2017, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o “rider” técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do grupo “Crystal Fighters”, equipo de luces e son, transportes internos, catering e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo.

En canto a proposta económica presentada por SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 114.466,00 € co iva incluído.

Sexto.- En data 5 de xullo de 2017, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 10ª do PCAP.

Sétimo.- En data 5 de xullo de 2017, Dna. Carlota Ojea, en nome e representación de SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 5 de xullo de 2017, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse

ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 5 de xullo de 2017, de valoración da oferta técnica e económica de SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “Crystal Fighters” no Auditorio de Castrelos. Programa Vigo en Festas 2017 (expediente 6.986-335) no seguinte orde decrecente:

1. SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L.

2º.- Adxudicar a SWEET NOCTURNA PRODUCCIONES S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do grupo “Crystal Fighters” no Auditorio de Castrelos (expediente 6.986-335) sendo o prezo base de 94.600 euros, cunha a cota correspondente o IVE de 19.866,00 euros, polo que o prezo total do contrato ascende a 114.466,00 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(681).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SOPORTE TÉCNICO E FORMACIÓN PARA POSTA EN MARCHA DO PROXECTO EDUSI-VIGO VERTICAL. EXPTE. 4493/440.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/17, dáse conta do informe-proposta do 06/07/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"11.- Propostas de adxudicación

Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data do 12 de maio de 2017 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

Segundo.- En data 26 de xuño de 2017, a XGL adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.	96,00
2	ERNST & YOUNG S L	81,00

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.212,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 26 de xuño de 2017 notificouse o acordo de clasificación ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., que presenta a documentación requirida o 29 de xuño, dentro do prazo concedido ao efecto.

Cuarto.- En sesión de data 3 de xullo de 2017, a Mesa de Contratación revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 19 de xuño de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto, dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)” (4493-440) por un prezo total de 186.852,19 euros (IVE incluído), e coas seguintes prestacións accesorias:

- *A execución da mellora do soporte técnico de verificación e consulta no prazo de 8 semanas.*
- *Incrementa o número mínimo de sesións formativas en 4 sesións.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(682).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REPOSICIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 3994/440.

Visto o informe xurídico do 28/06/17 e o informe de fiscalización do 05/07/17, dáse conta do informe-proposta do 04/07/17, do xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"ANTECEDENTES

1º.- O edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo conta na actualidade con 3 ascensores marca Schindler orixinalmente instalados fai aproximadamente 40 anos, sobre 2 dos cales se fixo unha renovación completa hai 10 anos.

2º.- No terceiro dos ascensores non se fixo ningún tipo de actualización. A máquina do mesmo está nun estado moi avanzado de desgaste, atopándose actualmente fora de servizo. O custe da reparación da cabeza tractora do mesmo é máis elevado que a substitución desta por outra nova e actualizada. O cadro de manobra é a base de relés, material que quedou totalmente obsoleto, sendo a día de hoxe moi difícil conseguir repostos, e ao mesmo tempo constitúe un foco de avarías importante.

3º.- As numerosas actualizacións da normativa sobre seguridade en aparellos elevadores, obriga á necesidade de efectuar unha renovación completa deste ascensor antes de volvelo a poñer en funcionamento.

4º.- A renovación do terceiro ascensor principal do edificio da casa consistorial do Concello de Vigo é necesario para poder poñelo en funcionamento e así dar servizo aos traballadores e cidadáns que acotío acceden as plantas superiores deste Edificio.

5º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do capítulo “pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 9200.6390000 “REPOSICIÓN DUN ASCENSOR NA CASA CONSISTORIAL”

8º- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polos Enxeñeiros municipais de data 21.07.2016
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 23.07.2016.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial o 20 de febreiro de 2017.
- d) Informe da técnica de administración xeral do departamento de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 12 de xuño de 2017.
- e) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 15 de xuño de 2017.
- f) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 16.06.2017 sobre o PCAP de data 15 de xuño de 2017.
- g) Acta de replanteo asinada pola Enxeñeiro Técnica Industrial municipal
- h) Informe-proposta do Servizo Xestor de data 20.06.2017
- i) Dilixencia de devolución da Intervención Xeral de data 28.06.2017 onde se fan constar unha serie de observacións para a súa corrección no PCAP.
- j) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 28.06.2017, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación.+
- k) Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 28.06.2017 sobre os cambios introducidos a instancia da Intervención Xeral no PCAP.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica, con data 16.06.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das *OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO*

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28 de xuño de 2017.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial o 20 de febreiro de 2017.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe máximo de OITENTA MIL EUROS (80.000 EUROS) IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.884,30€

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 9200.639.00.00 – “Reposición dun ascensor na Casa Consistorial” , a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O valor estimado do contrato estipúlase en SETENTA E NOVE MIL TRECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (79,338,84€).

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez